



Estimadas familias:

No colexio continuamos a traballar nun protocolo que recolla todas as medidas organizativas, sanitarias e de xestión encamiñadas a que a volta ao colexio a partir do vindeiro xoves día 10 de setembro sexa nas mellores condicións para asegurar un escenario no que a seguridade da comunidade educativa, con especial atención ás vosas fillas e fillos, sexa a máis segura posible. Unha vez aprobado este protocolo COVID pola dirección, e presentado ao Consello Escolar, publicarase na Aula Virtual. Mentres, achegámosvos a través desta segunda circular unha información de interese.



INFORMACIÓN XERAL PARA O INICIO DO CURSO

Dende mediados de marzo o alumnado non tivo clases presenciais e cremos que manter os grupos-aula é unha forma máis de contribuír á mellora emocional das nenas e dos nenos. Por este motivo, nas etapas de **Infantil e Primaria**, manteremos os mesmos **agrupamentos** que no curso 2019-2020 tendo a mesma letra da clase neste curso 2020-2021. (Pe.: alumnado de 1ªA, 3ªA ou 5ªA de primaria do curso 2019-2020 será 2ªA, 4ªA e 6ªA de primaria no curso 2020-2021.)

En **Secundaria** haberá novos **agrupamentos** e manteranse os criterios pedagóxicos de confección dos grupos establecidos polo departamento de orientación. Nesta etapa, a día de hoxe, está previsto realizar desdobres para asegurar a distancia de seguridade de 1,5 m tal e como establece a norma.

Para todo o alumnado dende 1º de primaria ata 4º de ESO, profesorado e PAS, **o uso de máscara será obrigatorio** durante toda a xornada escolar (agás en infantil que é recomendable) e realizaranse **titorías específicas** co alumnado nos primeiros días lembrando as normas de hixiene e seguridade básicas.

As familias deberán asinar o modelo de [declaración responsable da Consellería de Educación](#) que se entregará ao alumnado.

HORARIOS



Para asegurar unha entrada escalonada, e de xeito excepcional mentres dure a emerxencia sanitaria, establécense os seguintes horarios: (agás infantil no primeiro día tal e como se comunicou ás familias.)

ETAPA/NIVEL	ENTRADA	LUGAR	SAÍDA	LUGAR
INFANTIL				
6º EI	09:05	RÚA DO BAÑO	13:50	RÚA DO BAÑO
5º EI	09:10	RÚA DO BAÑO	13:45	RÚA DO BAÑO
4º EI	09:15	RÚA DO BAÑO	13:30	RÚA DO BAÑO
PRIMARIA				
6º EP	08:40	PATIO PALMEIRAS	14:00	PATIO PALMEIRAS
5º EP	08:45	PATIO PALMEIRAS	13:55	PATIO PALMEIRAS
4º EP	08:50	PATIO PALMEIRAS	13:50	PATIO PALMEIRAS
3º EP	08:55	PATIO PALMEIRAS	13:45	PATIO PALMEIRAS
2º EP	09:00	RÚA DO BAÑO	13:55	RÚA DO BAÑO
1º EP	09:00	PATIO PALMEIRAS	13:40	PATIO PALMEIRAS
SECUNDARIA (Entre paréntese entradas e saídas dos luns pola tarde)				
4º ESO	08:20 (16:15)	PATIO PALMEIRAS	14:10 (17:55)	PATIO PALMEIRAS
3º ESO	08:25 (16:10)	PATIO PALMEIRAS	14:05 (17:50)	PATIO PALMEIRAS
2º ESO	08:30 (16:05)	PATIO PALMEIRAS	14:10 (17:45)	PATIO PALMEIRAS
1º ESO	08:35 (16:00)	PATIO PALMEIRAS	14:05 (17:40)	PATIO PALMEIRAS



NORMAS DE ENTRADA E SAÍDA E DE HIXIENE BÁSICA

FOTO-CROQUIS ENTRADAS E SAÍDAS PRIMARIA (agás 2º Primaria) e SECUNDARIA



ENTRADA

A ENTRADA

- Antes da saír de casa a familia do alumnado realizará unha exploración para verificar que o neno ou nena non conta con síntomas compatibles COVID-19. ([Anexo I do protocolo da Consellería.](#))
- O alumnado deberá traer un **pequeno kit hixiénico co seu nome** composto por: máscara de reposto nunha funda, panos de papel e un hidroxel pequeno para uso persoal.
- Respetar as quendas de entrada acudindo con puntualidade.
- Evitaranse as aglomeracións na contorna do centro.
 - Entraremos ao colexio en fila polas zonas habilitadas (ver imaxe) respectando a distancia de 1,5 m.
 - O alumnado subirá directamente ás aulas e non permanecerá nos patios e e/ou corredores.
 - Nas etapas de infantil e primaria, en caso de necesidade, os irmáns pequenos poderán entrar antes acompañados do irmán de maior idade.
- As familias non poderán acompañar ao alumnado ao interior do edificio nin deterse para establecer unha conversa co profesorado que está atendendo a recollida do alumnado.

NO INTERIOR DO COLEXIO



- Transitarase polos circuitos sinalados polos corredores.
- Haberá cartelería e sinalética en todo o centro lembrando as normas básicas e sentidos de circulación.
- Manterase a distancia social nos desprazamentos.
 - Os grupos en infantil e primaria teñen consideración de “grupos burbulla” ou convivencia estable.
 - Todos os pupitres colocaranse en liña mirando cara a dirección do posto do profesorado, agás en infantil que se distribuirán en grupos colaborativos reducidos.
- O alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.
 - Nas entradas e saídas da clase botarase a solución hidroalcohólica que estará dispoñible en todas as aulas.
- Habilitarase un espazo de uso exclusivo para a profesora terapeuta e audición e linguaxe e alumnado con necesidades educativas.



- Evitarase o contacto físico.
- Evitar tocarse ollos, nariz ou boca.
- Evitar tocar superficies comúns.
- Ao tusir cubrirse o nariz e boca co antebrazo ou empregar panos desbotables que se tirarán de forma inmediata ás papeleiras.
 - As fontes estarán pechadas polo que se poderá traer unha pequena botella de auga co seu nome que gardarán nas mochilas.
- Non se fará uso dos vestiarios.
- O ascensor só poderá ser usado por prescrición médica.
- En infantil non se empregarán xoguetes na clase.
- Non se poderá traer agasallos para a celebración de aniversarios.
- Non se empregará o mandilón na etapa de primaria.
 - O material escolar será de uso individual e non poderá ser compartido.
 - Ao centro levarase o material mínimo indispensable.
- Reforzarase o servizo de limpeza.
 - Ventilaranse as clases periodicamente e ao remate de cada sesión.
- Faranse quendas de recreo escalonadas no que cada aula terá un espazo asignado no patio.



SAÍDAS

- Para a recollida do alumnado de infantil e primaria respectaranse os horarios establecidos e as zonas de entrega que serán as mesmas que as da entrada. (Ver foto)
- O alumnado sairá por orde de lista ao patio das palmeiras, agás infantil e 2º de primaria que o fará pola porta da rúa do Baño.
 - A persoa responsable da recollida do alumnado estará atenta para axilizala.
 - Evitaranse as aglomeracións ou quedar nas beirarrúas.



COMUNICACIÓN FAMILIA-COLEXIO

- A comunicación familia-colexio será a través do teléfono 988 220 990, páxina web, Aula Virtual, Espazo Abalar Familia e correos electrónicos da Aula Virtual.
- As familias deberán informar ao profesorado titor do alumnado con patoloxías previas ou vulnerables.
- As etapas de primaria e secundaria son obrigatorias e as familias teñen a obriga de enviar aos seus fillos e fillas ao centro, salvo naqueles casos de sospeita de síntomas compatibles coa COVID-19, contaxios ou ben por circunstancias de saúde do alumnado ou dalgún membro da unidade familiar que conviva co menor que desaconselle a asistencia presencial a cal deberá ser, en todo caso, comunicada ao profesorado titor.



SERVIZO DE COMEDOR

- Prestarase o servizo de comedor desde o inicio do curso.
- Respectaranse as medidas hixiénico-sanitarias segundo establece a normativa.
- Haberá quendas de comedor.
- Habilitarase postos fixos para cada alumno e alumna.
- Ampliarase información ás familias usuarias deste servizo nos vindeiros días.

En Ourense, a 7 de setembro de 2020.

A Dirección